

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 17 DE ABRIL DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dezasete de abril de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as once

horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### **1.- ACTA ANTERIOR**

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 7 de abril de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

### **2.- APROBACIÓN DA DISOLUCIÓN E DA APERTURA DO PERÍODO DE LIQUIDACIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO ÚNICO DO SECTOR ÚNICO DO S.UR.ND.I – 1**

#### I – ANTECEDENTES

1º.- Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 20 de novembro de 2013, aprobáronse de xeito definitivo os Estatutos e as Bases de Actuación da Xunta de Compensación do Polígono Único do Sector Único do



pola normativa de aplicación e, en concreto, polo artigo 4º dos seus Estatutos, fundamentalmente os seguintes:

- O desenvolvemento do ámbito mediante a equidistribución de beneficios e cargas: O Proxecto de Compensación foi aprobado definitivamente por acordo deste órgano en data 19 de novembro de 2014.
- A urbanización do ámbito: O Proxecto de Urbanización foi aprobado definitivamente por acordo deste órgano en data 3 de maio de 2018, e as obras incluídas nel foron recibidas en data 14 de novembro de 2024, previa aprobación da recepción por acordo deste órgano de data 08/11/24.

Segunda.- O acordo de disolución debe ser formalizado en escritura pública ou documento protocolizado notarialmente, dándose conta ao Rexistro da Propiedade co fin de cancelar as afeccións rexistradas das parcelas.

Terceira.- Aprobada a disolución abrírase o período de liquidación na que a Xunta de Compensación deberá proceder ao cobro de créditos, pago de débedas e, no seu caso, reparto do remanente na forma prevista nos seus Estatutos.

Cuarta.- O órgano competente para resolver é a Xunta de Goberno Local, por delegación do alcalde (Resolución do 4 de xullo de 2023).

#### IV – ACORDO

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a disolución da Xunta de Compensación do Polígono Único do Sector Único do S.UR.ND.I – 1, en base aos antecedentes e consideracións precedentes.

Segundo.- Requirir á Xunta de Compensación para que formalice o acordo de disolución aprobado polo presente acordo mediante escritura pública ou documento protocolizado notarialmente, do que se dará conta ao Concello e ao Rexistro da Propiedade co fin de cancelar as posibles afeccións rexistradas das parcelas.

Terceiro.- Determinar a apertura do período de liquidación no que o Consello Reitor da Xunta de Compensación deberá proceder ao cobramento, pagamento de débedas e, de ser o caso, a repartición do remanente, no xeito previsto nos artigos 44 e 45 dos seus Estatutos.

Cuarto.- Notificar o presente acordo á Xunta de Compensación e publicar anuncio do acordo de disolución no Boletín Oficial da Provincia e nos taboleiros de anuncios da Casa do Concello e da sede electrónica municipal.

### ***3.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE AGOLADA, RODEIRO E ANTAS DE ULLA PARA A XESTIÓN E PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL***

O Sr. alcalde informa aos/ás membros da Xunta de Goberno Local da conveniencia de aprobar un novo convenio de colaboración entre os concellos de Agolada, Rodeiro e Antas de Ulla para a xestión e prestación do servizo de orientación durante o ano 2026, servizo que se vén prestando dende o ano 2011, coa finalidade permitir que os veciños dos concellos asinantes e demais persoas derivadas dende o Servizo Público de Emprego de referencia, poidan seguir a acceder ao dito servizo con todas as súas finalidades e beneficios. No noso Concello o servizo préstase na modalidade de atención presencial por parte da técnica de orientación laboral designada nun día por semana.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Prestar aprobación ao Convenio de colaboración entre os concellos de Agolada, Rodeiro e Antas de Ulla para a xestión e prestación do Servizo de Orientación Laboral, co contigo íntegro que se sinala no Anexo ao presente acordo.

Segundo.- Aceptar expresa e integramente as cláusulas do Convenio e comprometerse ao cumprimento das obrigas que o Concello debe asumir en virtude do acordado.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na

representación que ostenta, asine o Convenio de colaboración e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do presente acordo.

#### ANEXO

#### CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN E PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL

En Agolada, 2026.

#### REUNIDOS

Dunha parte, Don Oscar Val García, provisto do Documento Nacional de Identidade número [REDACTED], en nome e representación e en calidade de Alcalde do Concello de Agolada, (Pontevedra), CIF [REDACTED]

Doutra banda, Don José Luis Camiñas Vázquez, provisto do Documento Nacional de Identidade número [REDACTED], en nome e representación, e na súa calidade de Alcalde do Concello de Rodeiro, (Pontevedra), [REDACTED].

Doutra parte, Dona María Pilar García Porto, provista do Documento Nacional de Identidade número [REDACTED], en nome e representación, e na súa calidade de Alcaldesa do Concello de Antas de Ulla, (Lugo), [REDACTED].

As partes citadas recoñécense mútua e recíprocamente capacidade e lexitimación suficientes para suscribir este convenio de colaboración, asegurando cada parte que os poderes en base aos que respectivamente actúan non teñen sido revocados nen limitados, e que son bastantes para obrigar as súas representadas en virtude de este acto, e nesa representación,

#### EXPOÑEN

I.- Que os Concellos de Agolada, Rodeiro e Antas de Ulla son entidades da administración local con identidade propia que prestan servizos aos veciños das súas respectivas áreas xeográficas en todas as competencias que lles son exisibles.

II.- Que todas as partes amosan un elevado interese polo desenvolvemento das áreas xeográficas e sociais que lles son propias a título individual, e que entre as preocupacións a destacar neste momento e dentro deste parágrafo se atopa a xestión de recursos na procura da redución do desemprego, a mellora da empregabilidade e o asesoramento e a orientación a persoas en situación de desemprego.

III.- Que nos derradeiros anos, todas as partes teñen levado a cabo actuacións encamiñadas a procurar a redución do desemprego nas súas zonas xeográficas de xeito separado e a título individual, tales coma obradoiros de emprego, actividades formativas, xestión de programas de emprego, plans de emprego etc...

IV.- Que na actualidade e dende fai tempo se detectan necesidades comúns na área de orientación a desempregado/as en todos e cada un dos Concellos asinantes deste convenio de colaboración, así como se detectan posibilidades de actuación conxunta encamiñadas a solventar ditas necesidades.

E decisión dos asinantes deste convenio, determinar e aprobar a nosa colaboración como partes solicitantes á Consellería de emprego, comercio e emigración en base á ORDE do 11 de marzo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2026 (código de procedemento TR331A), para establecer un programa común de actuacións para tal fin.

## ESTIPULACIONS

### PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN.

O presente convenio ten por obxecto regular os termos para establecer as pautas na colaboración entre os Concellos de Agolada, Concello de Rodeiro e Concello de Antas de Ulla, colaboración que ten por finalidade permitir que os veciños dos concellos asinantes e demais persoas derivadas dende o Servizo público de Emprego de referencia, poidan seguir a acceder ao servizo de orientación laboral, con todas as súas finalidades e beneficios, e para elo determinar a tramitación de solicitudes de cofinanciación a través da convocatoria de axudas recurrentes establecidas polas diferentes administracións, principalmente dende a Xunta de Galicia a través das convocatorias da actual Consellería de emprego, comercio e emigración, así como ás entidades Administrativas que as sucedan no tempo, tanto no referido aos seus contidos coma as súas competencias. Tamén alcanza este convenio a tramitación de aquelas outras axudas, se as houbera, de calesquera outras entidades e que resultaren compatibles para o bo fin do servizo proposto.

### CLAÚSULAS

#### PRIMEIRA.- DEFINICIÓN XERAL DO SERVIZO.

O programa de Orientación Laboral, é unha iniciativa da Xunta de Galicia, que consideramos de gran interese para as nosas administracións, pola súa finalidade, que tende a tratar de paliar parte dos males que na zona se derivan do desemprego existente, propio da situación económica xeral e dos problemas propios do rural do interior de Galicia que afectan de xeito singular aos territorios representados neste convenio.

Procurouse coa implementación deste servizo, dar unha atención personalizada aos desempregados inscritos coma demandantes de emprego nas oficinas de referencia do Servizo Público de Emprego de referencia, así como aos veciños dos municipios solicitantes que precisen dun servizo de orientación próximo e de calidade.

As accións diríxense principalmente a aqueles veciños que se atopan en situación recoñecida de desemprego, para os que mediante a implantación dun servizo de asesoramento e atención personalizado e individualizado se identifiquen as súas fortalezas e se corrixan as deficiencias curriculares se determinen para dotalos de mellores e maiores posibilidades de inserción laboral. Para elo se fará o establecemento dos perfís de cada demandante. Terán preferencia na atención do servizo de O. Laboral, aqueles usuarios remitidos polo Servizo Público de Emprego mediante cita concertada dende as oficinas de referencia, a través da elaboración da axenda de citacións, pero tamén, como ven sendo norma, se atenderá a aquelas persoas que se achegan ao servizo ben por iniciativa propia, ben derivados de outros servizos, organizacións e entidades coas que se colabora a diferentes niveis, tales coma os Servizos Sociais Municipais, Aedí's, Asociacións, outras entidades sociais e económicas etc...

A poboación total directa segundo as estatísticas de Traballo, susceptible de ser atendida de forma directa, acada neste momento a unhas 161 persoas desempregadas, so nos concellos que integramos actualmente esta agrupación, sobre un total aproximado de 6.299 habitantes, sen ter en conta a concellos limítrofes que carecen dun servizo de orientación propio, e sen perxuízo da existencia de outros posibles obxetivos, tales como emprendedores, xestores de autoemprego, empresas locais etc... Os desempregados en relación ao número de habitantes se atopan repartidos da seguinte maneira;

Concello	Poboación	Provincia	Comarca
Agolada	2.225	Pontevedra	Deza
Rodeiro	2.251	Pontevedra	Deza
Antas de Ulla	1.823	Lugo	A Ulloa

A media anual de paro rexistrado para o ano 2025 nestes concellos, segundo os datos publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE) e a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, é a seguinte

- Agolada: Unha media de 44 persoas desempregadas.
- Rodeiro: Unha media de 42 persoas desempregadas.
- Antas de Ulla: Unha media de 59 persoas desempregadas.

Total 145 persoas directas nes 3 concellos ademais dos concellos dos que se reciben usuarios, tales como Monterroso, Lalín, Chantada, Palas de Rei, etc..

O servizo de orientación laboral realizarase de forma principalmente presencial e axustarase ao establecido no artigo 3 da ORDE do 11 de marzo de 2026, incluíndo as seguintes actividades:

A) Elaboración dun perfil individualizado: comprenderá a elaboración dun perfil individualizado da persoa usuaria que permita a súa avaliación, co apoio, entre outros elementos, de evidencias estatísticas, para a mellora da súa empregabilidade, e que facilite o ulterior deseño ben dun itinerario personalizado formativo que inclúa todas as opcións dos diferentes sistemas de formación, ben dun proceso de busca activa de emprego. A elaboración do perfil individualizado realizarase mediante o diagnóstico da situación de partida da persoa usuaria, que comprenderá unha atención personalizada, para identificar as súas habilidades, competencias, formación e experiencia profesional, así como a súa idade ou pertenza a colectivos prioritarios, os seus intereses, a súa situación familiar, ámbito territorial, tempo e motivos de desemprego, percepción de prestacións ou axudas económicas á activación e calquera outra variable persoal ou social que poida ser relevante, en función das súas necesidades e expectativas. A partir deste diagnóstico elaborárase un perfil competencial onde se recollerán todas as competencias adquiridas pola persoa ao longo da súa vida. O diagnóstico resumirá a valoración realizada, destacando os factores persoais e profesionais que posicionan favorablemente a persoa usuaria na consecución do seu obxectivo profesional, así como os principais obstáculos de acceso ao emprego, incluídas as posibles desigualdades que puidese sufrir por razón de xénero, pertenza a colectivos de atención prioritaria ou outro condicionante sociocultural.

B) Tutorización individual, asesoramento continuado e atención personalizada, que estará libre de prexuízo e estereotipos de calquera índole, especialmente de xénero, idade e discapacidade, orientación sexual, identidade de xénero, lingua e orixe nacional ou étnica, e prestará atención ás necesidades específicas das distintas etapas vitais, en particular aquelas que producen maior afastamento do mercado laboral, como a maternidade e o coidado de persoas menores ou maiores ou as causadas pola situación sociosanitaria das persoas e/ou dos tratamentos prescritos a elas.

O asesoramento técnico continuado conterá un ou varios dos seguintes servizos: a) Asesoramento técnico sobre a situación do mercado de traballo, perfís profesionais que requiren as empresas, programas ou actuacións de políticas activas de emprego e servizos do Sistema nacional de emprego. Consiste na comunicación sobre os datos ou circunstancias relativas ao mercado de traballo e os programas ou actuacións de políticas activas de emprego que poidan resultar de utilidade para incrementar as oportunidades de emprego ou de mantemento do emprego e a promoción profesional da persoa tutorizada, incluída a información acerca dos servizos de emprego garantidos e os métodos de acceso a eles. b) Asesoramento técnico sobre a oferta formativa dos sistemas de formación existentes, programas de activación para o emprego axustados ás súas necesidades e acreditación das competencias adquiridas a través da experiencia ou outras vías formais ou informais de formación. Este servizo incluírá a provisión de información sobre a formación específica dispoñible en calquera dos sistemas, no momento de asesoramento, que inclúan accións formativas que permitan a adquisición efectiva, ou o incremento sensible, de competencias que redunden nunha maior capacidade de inserción ou de mantemento do emprego e a promoción profesional da persoa asesorada. A información facilitada será aquela que, en función do perfil da persoa demandante de emprego, mellor atenda, tanto a completar as lagoas competenciais detectadas no proceso de diagnóstico, como aos requirimentos e demandas do mercado de traballo e, de ser adecuado, terá como base a posibilidade de realizar itinerarios formativos accesibles, progresivos, acumulables e adaptados ás súas necesidades e ás do mercado laboral. c) Asesoramento na aplicación de técnicas para a busca activa de emprego. Incluírá a provisión de información e o adestramento no manexo básico de medios, técnicas e ferramentas accesibles para a busca de emprego por conta allea adaptados ao perfil profesional da persoa asesorada, incluíndo o

acceso aos medios de autoavaliación de competencias profesionais, detección de posibles lagoas curriculares, así como as fórmulas de acceso aos medios e servizos para a súa cobertura. A información subministrada recollerá os medios e técnicas de busca e acceso á oferta de emprego privada e as convocatorias, bolsas e programas de emprego públicos. De ser o caso, poderá incluír información básica sobre autoemprego e emprendemento colectivo ou a derivación a un servizo especializado de asesoramento na materia. d) Asesoramento e apoio técnico para a definición do currículo, que reflectirá o perfil da persoa asesorada en termos de competencias. Este servizo comprenderá a provisión de información e adestramento no manexo básico de medios, técnicas e ferramentas accesibles para a elaboración do historial profesional sobre o que construír cada un dos currículos con que concorrer a cada oferta concreta, así como as técnicas de adaptación das competencias aos requirimentos da oferta de emprego.

C) Itinerario ou plan personalizado de actuación adecuado ao perfil da persoa demandante dos servizos de emprego, que detallará as principais actividades propostas co obxecto de mellorar a empregabilidade da persoa usuaria, e incluírá información específica sobre a formación específica dispoñible nos distintos sistemas de formación tendo en conta as necesidades do sistema produtivo, o emprego local e os sectores emerxentes ou estratéxicos ou, de ser o caso, iniciativas de emprendemento, autoemprego e economía social, así como as súas necesidades de conciliación corresponsable da vida familiar e laboral. O itinerario prestará especial atención á eliminación de nesgos e estereotipos de calquera índole, especialmente de xénero, idade, discapacidade, orientación sexual, identidade de xénero, lingua e orixe nacional ou étnica.

Requirirá o acompañamento do persoal de orientación para as persoas demandantes de servizos de emprego que foron perfiladas, mediante a chegada de información sistematizada e relevante que permita á persoa asesorada alcanzar un maior coñecemento sobre as súas capacidades e intereses e definir e alcanzar con máis seguridade os seus obxectivos.

O itinerario ou plan personalizado de actuación deberá incorporar, polo menos: a) A identificación dun itinerario formativo, que conterá as accións de formación que resulten adecuadas para a mellora de competencias e cualificación profesional da persoa usuaria ou, de ser o caso, para a súa formación continuada e actualización permanente para adaptarse ás necesidades de transformación produtiva ou aos cambios paulatinos na forma de traballo e ás exixencias de novas competencias, tendo en conta a formación específica dispoñible en calquera dos sistemas. b) A identificación de alternativas laborais ou de emprendemento a que pode acceder a persoa demandante de servizos de acordo co seu perfil profesional, as necesidades específicas das distintas etapas vitais e as necesidades do sistema produtivo. c) A identificación das actuacións de busca activa de emprego que, de acordo co seu perfil e as súas necesidades de conciliación corresponsable, a persoa usuaria quedará comprometida a realizar.

En función das competencias técnico-profesionais, transversais e persoais da persoa demandante, así como dos factores socioculturais, xeográficos e laborais, o proceso levarase a cabo en momentos ou fases sucesivas, incluíndo unha primeira fase de acollida e información, unha fase de formulación ou reformulación de obxectivos profesionais, de adecuación deses obxectivos ás medidas e programas de apoio activo ao emprego e unha fase de deseño de itinerario ou plan personalizado de actuación. Procurarase estimular a orientación cara a sectores con alto grao de empregabilidade ou con certo grao de diversificación e, na atención ás mulleres, evítanse as visións estereotipadas das ocupacións, garantindo a visibilidade das mulleres. As entidades especializadas na atención a colectivos con discapacidade deberán promover especialmente a activación laboral de mulleres con discapacidade por constituír un colectivo altamente afectado por situacións de desemprego.

D) Deseño, planificación e execución de accións grupais de orientación laboral que poidan ser de interese, en función dos perfís das persoas orientadas, tanto para mellorar a eficiencia do servizo como para fomentar a interrelación e o intercambio de experiencias entre elas.

E) Apoio á xestión da mobilidade laboral.

F) Coordinación e colaboración co resto de persoal de orientación laboral de entidades colaboradoras e do SPEG para o intercambio de información e boas prácticas no eido do emprego, o emprendemento, a análise e prospección do mercado laboral e a captación de ofertas de traballo.

G) Mellora continuada das súas propias competencias e recursos profesionais para a orientación laboral a través da participación nas accións de formación e capacitación específicas que se determinen desde a Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego.

SEGUNDA.- OBRIGAS DAS PARTES.

1. Polo presente Convenio de colaboración, a agrupación de concellos integrantes se obriga:
  - I) A continuar a apoiar o servizo intermunicipal de orientación laboral, como un elemento básico da loita contra o desemprego, e adicado principalmente ás actividades descritas no apartado anterior (A a G) da Cláusula Primeira.
  - II) Loitar por un asesoramento individualizado aos desempregados, principalmente dos concellos que integran esta asociación, e de xeito indiferente á pertenza a cada un deles sen discriminación de ningún tipo, e aberta á colaboración con outras entidades.
  - III) A proporcionar o apoio técnico necesario ao persoal contratado para que o servizo os/as demandantes funcione correctamente e sexa accesible.
- IV) A promocionar, na medida que estimen oportuna, o presente servizo, empregando os medios legais que se consideren apropiados, (publicidade en prensa, materiais en puntos de información, feiras, información web etc.)
2. Polo presente Convenio de colaboración, se establece e aproba que recaiga no Concello de Agolada a representación de todos e cada un dos integrantes actuais do citado convenio.

O Concello de Agolada, como tal representante e para dito fin, se obriga:

- I) A tramitar en prazo, e en nome e representación dos concellos asinantes, con base no presente convenio, as correspondentes comunicación de continuidade do servizo que tácitamente se aproban ao remate de cada exercicio, así como a tramitación en prazo dos expedientes de solicitude de subvencións e calesquera outras axudas posibles para financiar o servizo de Orientación Laboral, e en concreto e para o ano 2026 as da ORDE do 11 de marzo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2026 (código de procedemento TR331A).
- II) A actuar coma interlocutor ante as entidades/organismos concedentes das axudas, para o bo fin de todos os trámites necesarios para dar continuidade ao servizo obxecto de subvención, (aportación de documentación, xestión dos pagos ao persoal contratado tanto de salarios coma de seguridade social e calesquera outros derivados da posta en marcha do servizo, tales como a tramitación das altas e baixas na seguridade social, das prórrogas ou, de ser o caso, tramitación das novas contratacións de persoal para o servizo, aportación de xustificantes, etc...).
- III) A comunicar aos organismos convocantes, calquera incidencia, ampliación ou modificación do presente convenio.
- IV) Dotar e dispoñer para a implementación do servizo, dun local en cada un dos puntos de atención, que reuna as condicións establecidas nos artigos da orde de convocatoria, e en concreto para o 2026 cumprir o establecido nos artigos 2.2.a) b), c), d) e e), así como calesquera outras adecuacións segundo os requisitos establecidos na ORDE do 11 de marzo de 2026. Os concellos de Rodeiro e Antas de Ulla ou aqueles de posible nova adhesión, dotarán, a súa vez, para o servizo, despachos nas súas dependencias municipais, axeitados aos requisitos indicados. Se establece un calendario de asistencia do técnico a cada un dos puntos de atención que pode ser variable, a fin de que por petición dos mesmos ou dos usuarios previa concertación de cita, desexen ou sexa necesario un desprazamento puntual,

d@ técnico@ de O. Laboral para a atención in situ en cadanseu, a fin de facilitar e promocionar o acceso ao servizo prestado.

O despacho principal se atopará ubicado nas dependencias municipais do Concello de Agolada. Todos os concellos integrantes se comprometen a continuar coa dotación financeira e das ferramentas e medios necesarios para o bo fin do servizo.

As direccións dos indicados despachos e as frecuencias de desprazamento do técnico a data actual atenden ao seguinte plan de traballo.

Concello de Agolada- Praza do Concello nº1 Edificio Consistorial- andar 1º CP 36520- Agolada (Pontevedra) Despacho principal. Asistencia estipulada, días Luns, Mercores e Xoves.

Concello de Rodeiro.- Praza da Fonte nº 2 Edificio Consistorial- Pranta Baixa- salón de plenos CP 36530-Rodeiro (Pontevedra) Asistencia 1 día á semana. Preferentemente os Venres.

Concello de Antas de Ulla- Praza de España nº 2 Edificio Consistorial- Pranta Baixa- Oficina Xeral. CP 27570 – Antas de Ulla (Lugo) Asistencia 1 día á semana. Preferentemente os Martes.

Os días e frecuencias de asistencia serán prevalentes aínda que poderán variar por causas xustificadas, principalmente en atención as citas de orientación tanto de direccionamento ou axendadas, como as citas manuais. Se lle recoñece ao técnico/a a autonomía e capacidade suficiente para a autoxestión da axenda de xeito que o servizo sexa executado dun xeito o máis áxil, funcional e próximo á cidadanía posible.

Entre outros, e tal e como se ven establecendo no artigo 2.2 da orde de convocatoria, estará como mínimo constituído por un equipo informático completo, dotado de CPU e monitor con todos os periféricos necesarios, (impresoras, escaner, rato etc...) para o seu manexo, así como as aplicacións informáticas necesarias para a realización dos traballos, tales como suite ofimática, antivirus etc... e se atenderá as obrigas de Protección de Datos, segundo se recolle na Lei reguladora dos mesmos e segundo se establece de ser o caso, nas ordes convocantes. Ditos equipos disporán de conexión exclusiva coa Rede Corporativa da Xunta de Galicia vía internet. O equipo disporá de protocolo TCP/IP. Para dita conexión do servizo, estarase ao disposto nos artigos da convocatoria, atendendo ao citado no artigo 2.2. apartados "b", "c", "d" e "e" (correo electrónico do servizo, conexión de rede, protocolo e equipamento, así como antivirus actualizado periódicamente etc...). Se atenderá neste apartado sempre ao establecido na orde de convocatoria de cada período, actualizando os mesmos na medida das necesidades detectadas.

#### TERCEIRA.- CONDICIÓN ECONÓMICAS.

Para cubrir os custos financeiros deste servizo, o Concello de Agolada, como interlocutor capacitado, tramitará ante os organismos convocantes de axudas ás solicitudes de subvención máximas e actualizables segundo o establecido na ORDE do 11 de marzo de 2026.

As partes poderán cofinanciar por iniciativa propia parte dos custes salariais, cando as axudas non cubran o 100% dos mesmos ou ben cando as partes así o consideren oportuno. Non se establecen para elo, (cobertura de custes salariais, salarios e seg social), cupos nin porcentaxes de obrigado cumprimento, correspondendo tomar tal decisión a cada unha das partes para a determinación voluntaria das contías que de ser o caso estén dispostas a asumir e establecer como aportacións ao cofinanciamento deste servizo común.

O Concello de Agolada como órgano xestor da axuda e representante da agrupación de concellos para a prestación do servizo de O Laboral en calidade de contratador laboral do persoal do servizo, asumirá de xeito subsidiario a cobertura de pagos dos custes salariais que excedan á subvención/axuda concedida para a financiación do citado servizo ata a cobertura íntegra dos citados custes salariais, salario e seg social. En particular a cofinanciación necesaria para cubrir os custes salariais de categoría e nivel administrativo, así como aqueles outros custes non subvencionables tales como os derivados da antigüidade no servizo do persoal, outros pluses non subvencionables as que a persoa contratada tivera

dereito pola súa condición asalariada, así como as posibles indemnizacións, as que a relación laboral existente puidera dar lugar.

Os desprazamentos realizados pola técnica de orientación laboral entre os concellos integrantes da agrupación para a atención aos usuarios, serán aboados polo Concello de Agolada, e no caso de ser beneficiario do módulo específico, con cargo a el, segundo o descrito no artigo 4 da ORDE do 11 de marzo de 2026 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

#### CUARTA.- EXTENSIÓN NUMERARIA.

A actuación obxecto deste convenio, establécese tal e como ven sendo ate o de agora, para a continuidade do servizo por un período inicial mínimo de doce meses. Prevalece a continuidade do persoal titular do servizo. En caso de novas contratacións, en defecto da promoción de continuidade, ou por substitución temporal do persoal, se estará ao que determine a lexislación laboral así como a orde de convocatoria de axudas.

No actual convenio regulador se integran 3 concellos, Agolada, Rodeiro e Antas de Ulla. A financiación posterior a este período quedará supeditado á dotación de novos fondos, ben propios, aportados polas entidades conveniadas, ben en base a futuras convocatorias de subvencións por parte da Xunta de Galicia ou calesquera outras entidades con capacidade para dotalo de contido económico financeiro que lle den continuidade.

En agarda da resolución favorable correspondente e por defecto se determina a aprobación tácita polos membros deste convenio, da prórroga do Servizo, ate polo menos a recepción da corresponde resolución de axudas.

#### QUINTA.- VIXENCIA DA COLABORACIÓN.

O obxecto deste convenio, conta con unha vixencia de ata un máximo de catro anos, sendo posible prorrogalo como máximo unha vez por outros catro anos adicionais, mentres exista un número adecuado de integrantes, que permita cumprir os requisitos das posteriores normas reguladoras e ordes de convocatoria que así o establezan para poder seguir a obter axudas para a financiación e continuidade do servizo, e polo tanto da prórroga do propio acordo/convenio.

Ao remate de cada período subvencionado, (12 meses), en agarda de novas convocatorias de axudas para o citado servizo, se entenderá que totalas partes admiten e consinten continuar co mantemento do servizo establecido.

En caso de non existir convocatorias de axudas á financiación no prazo de 12 meses dende o remate do actual acordo, o convenio se entenderá extinguido. Durante este período de espera, os custes salariais do actual técnico, que non sexan subvencionables de xeito retroactivo, correrán por conta do Concello de Agolada.

O convenio que se asina na actualidade, atenderá en todo caso, e de xeito específico na súa vixencia, aos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público polo que se entende prorrogado ao remate de cada período, polo período seguinte, de non existir declaración expresa en contra, manifestada por calquer membro adherido e comunicada mediante un escrito dirixido ao Concello de Agolada como xestor dos trámites, para proceder á posterior comunicación aos demais membros, ou ben pola sinatura dun novo convenio que substitúa o actual.

Este convenio, rexe en todo caso, para o período determinado na ORDE do 11 de marzo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2026 (código de procedemento TR331A), e en todo caso dende a data de inicio do novo período subvencionable según a ORDE do 11 de marzo de 2026, (12 meses).

#### SEXTA.- COORDINACIÓN ENTRE OS ASINANTES E REPRESENTACIÓN ANTE TERCEIROS.

Establécese a figura de órgano de coordinación entre ás distintas entidades asinantes do convenio e de enlace e representación entre éstas e as demais entidades, tales coma Consellería de emprego, comercio e emigración, Servizo Público de Emprego etc... na figura do Alcalde-Presidente do Concello de Agolada, ou persoa en quen éste delegue.

SÉPTIMA.- SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE NOVOS TÉCNICOS DE ORIENTACIÓN.

En caso de precisarse unha nova contratación, os integrantes do convenio de colaboración nese momento, proporán previa á contratación, ó candidat@ para o posto. Prevalecera a prorroga do persoal en activo salvo renuncia deste ou finalización da relación laboral por causas xustificadas.

A vinculación laboral entre o persoal contratado e as entidades solicitantes atenderán á lexislación laboral vixente, tal e como se recolle na orde de convocatoria no artigo 13.3, entendendo como beneficiarios aos Concellos agrupados e solicitantes e, subsidiariamente como entidade xestora e responsable da tramitación do expediente, ao Concello de Agolada, quen asume a súa condición de entidade empregadora respecto ao persoal do servizo e orientación e manifesta o seu compromiso de cumprir a normativa laboral en materia de contratación e a súa aplicación ao presente convenio.

As partes integrantes deste convenio, se comprometen a intentar resolver de boa fe e de xeito amistoso calquera desacordo que poidera xurdir no desenrolo do convenio suscrito.

En proba de conformidade ao desglosado nos parágrafos anteriores, se asina o presente convenio, por cuadruplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

#### ***4.- CONCESIÓN DE TARXETAS DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE***

A/

VISTA a solicitude presentada por Dona Concepción Anita Eva Calvo López (RE núm. 403, do 09/04/26), e a proposta de resolución emitida con data 09/04/26 pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Dona CONCEPCIÓN ANITA EVA CALVO LÓPEZ, con DNI núm. [REDACTED], veciña do lugar de Soeirexa, parroquia de Santa Baia de Camba.

B/

VISTA a solicitude presentada por Dona María Cándida Gumersinda Areán García (RE núm. 404, do 09/04/26), e a proposta de resolución emitida con data 09/04/26 pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión

celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Dona MARÍA CÁNDIDA GUMERSINDA AREÁN GARCÍA, con DNI núm. [REDACTED], veciña do lugar de Guillar, parroquia de Guillar.

### ***5.- ALTA DE USUARIO NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI), CURSO 2025-2026***

VISTA a instancia presentada por Dona Sareth Mayerly López Rangel, con NIE núm. [REDACTED], veciña do lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro (RE núm. 443, do 16/04/26), pola que solicita a alta do seu fillo Liam Ernesto Castañeda López como usuario do Punto de Atención á Infancia (PAI) para o curso 2025-2026, en xornada parcial de mañá.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe favorable emitido, con data 17/04/26, pola educadora familiar do Concello Dona Ana Belén Rodríguez Pérez, no que acredita que a solicitude cumpre cos requisitos esixidos así como a existencia de prazas vacantes na quenda solicitada, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, acorda proceder á alta, como usuario do Punto de Atención á Infancia (PAI) para o curso 2025-2026, do menor LIAM ERNESTO CASTAÑEDA LÓPEZ, en xornada parcial de mañá, con data de efectos do día 4 de maio do corrente.

### ***6.- BAIXA DE USUARIA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR, MODALIDADE DE DEPENDENCIA***

#### **ANTECEDENTES**

1º.- Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 7 de xullo de 2023, procedeuse a autorizar a alta de Dona Emilia Faílde Faílde no Servizo Municipal de Axuda no Fogar (SAF) como beneficiaria da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

2º.- A interesada presenta con data 13 de abril do corrente (RE núm. 421) escrito polo que renuncia voluntariamente ao servizo concedido.

## FUNDAMENTO XURÍDICO

Único.- O artigo 8.1 a) da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar (DOG núm. 22, do 02/02/09) e o artigo 24.1 do Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Rodeiro (BOP núm. 36, do 23/02/10) establecen, entre outras, como causa de extinción e finalización do SAF a “*renuncia do beneficiario/a*”.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

## ACORDO

Primeiro.- Declarar extinguido o servizo municipal de axuda no fogar (SAF), como beneficiaria da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, que se lle está a prestar a Dona Emilia Faílde Faílde, con DNI núm. [REDACTED], veciña do lugar de Pazos, parroquia de Pedroso, procedendo á baixa como usuaria do mesmo con data de efectos do día 30 de abril de 2026.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á interesada.

Terceiro.- Comunicar a renuncia á Consellería de Política Social e Igualdade para a súa constancia e aos efectos oportunos.

## ***7.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA POR GOCE DE VACACIÓNS***

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona María Carmen Diéguez Calvo, traballadora laboral fixa do Concello no posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar, ten solicitado o goce parcial das vacacións anuais, pendentes dos anos 2024 e 2025 que non puido gozar por mor da súa situación de baixa por IT, nos presentes meses de abril e maio do corrente. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste o devandito servizo durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos usuarios

beneficiarios da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2025, prorrogado a esta data para o ano 2026, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debера ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, e a proposta da traballadora social municipal Dona María Lara Hermida Fernández, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ VANESSA FRANCIELLY ACIOLY DE SANTANA, con NIE núm. XXXXXXXXXX, a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 20 de abril e 15 de maio do corrente, ambos inclusive, en substitución da traballadora María Carmen Diéguez Calvo.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

## **8.- CONCESIÓN DA PRIMEIRA QUENDA DE AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026**

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes que, por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 12 de xaneiro do corrente, foi solicitada á Deputación de Pontevedra a cantidade de SETE MIL EUROS (7.000,00 €) para gastos correntes e TRES MIL OITOCENTOS EUROS (3.800,00 €) para investimentos, con destino ás axudas básicas de emerxencia para persoas maiores de idade empadroadas no Concello que xestionen a súa demanda a través dos servizos sociais comunitarios municipais e que carezan de ingresos suficientes para facer fronte aos gastos polos que se solicita a axuda, ao abeiro das Bases reguladoras para o financiamento e a prestación das axudas básicas de emerxencia nos servizos sociais comunitarios da Deputación Provincial de Pontevedra para o ano 2026, publicadas no BOP núm. 6, correspondente ao día 12 de xaneiro de 2026. Con data 27 de febreiro do corrente a Presidencia da Deputación de Pontevedra outorgou ao Concello as axudas solicitadas (RE núm. 206, do 02/03/26).

Debidamente informados/as de canto antecede, e de conformidade co informe-proposta emitido pola traballadora social do Concello Dona María Lara Hermida Fernández, con data 14/04/26, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder a primeira quenda de axudas básicas de emerxencia da Deputación de Pontevedra a favor das veciñas que deseguido se relacionan e coa tipoloxía, contías e destinos que se especifican:

### Gastos correntes

BENEFICIARIA	DNI/NIE	DOMICILIO	IMPORTE AXUDA	DESTINO
██████████	██████████	Rodeiro – Rodeiro	80,00 €	Pago de tratamento de odontoloxía

BENEFICIARIA	DNI/NIE	DOMICILIO	IMPORTE AXUDA	DESTINO
██████████	██████	Barbeitos – Negrelos	400,00 €	Uso da vivenda (alugueiro) e pago de produtos de alimentación, hixiene e limpeza
██████████	██████	As Fontelas – Camba	280,00 €	Uso da vivenda (alugueiro)
██████████	██████	Aldea de Baixo – Riobó	400,00 €	Uso da vivenda (alugueiro) e pago de produtos de alimentación e hixiene

Segundo.- Autorizar o anticipo do 100 % das axudas concedidas.

Terceiro.- Os gastos subvencionados deben ser efectuados con anterioridade ao día 31 de decembro de 2026. As beneficiarias deberán presentar as facturas ou xustificantes dos gastos polo importe da subvención concedida no Departamento de Servizos Sociais do Concello ata o día 15 de febreiro de 2027. A non presentación das mesmas dará lugar ao inicio do procedemento de reintegro das axudas outorgadas ao efecto. Asemade, e de non xustificarse a totalidade das cantidades anticipadas, deberá reintegrarse a parte do importe non xustificado.

## 9.- ACORDOS DE GASTO

De conformidade co previsto na Base segunda, apartado c) das Bases do III Concurso de Decoración do Nadal “*Rodeiro é ilusión*”, aprobadas por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 25 de novembro de 2025, recibíronse as seguintes solicitudes de subvención para sufragar o custe dos materiais e elementos instalados para a decoración de espazos públicos:

- ✓ ANPA Xulio Lois (RE-E núm. 134, do 03/03/26).
- ✓ Asociación O Falar das Pedras RE-E núm. 242, do 13/04/26).

Debidamente informados/AS de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Conceder axudas económicas, con cargo á partida orzamentaria 330/226 do orzamento en vigor, a favor das seguintes entidades de conformidade coas xustificacións achegadas:

Primeiro.- Á ANPA Xulio Lois, por importe de SETENTA E UN EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (71,80 €).

Segundo.- Á Asociación O Falar das Pedras, por importe de TRINTA EUROS CON TRINTA E OITO CÉNTIMOS (30,38 €).

## 10.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- NATURGY CLIENTES S.A.U. 1.263,74 €  
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de febreiro de 2026, s/recibos.
- BOTICA AGRODEIRO S.L. 5,00 €  
Por subministro de produtos de limpeza, s/factura núm. 26FV/99.
- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 98,94 € E 1,91 €  
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de marzo de 2026, s/facturas núm. 4004644506 e 4004629132 (FACe).
- SUPERVISIÓN Y CONTROL S.A. 21,73 €  
Por taxa de ITV de vehículo municipal, s/factura núm. 362526FC0000771.
- JORGE OJEA MATO 119,34 €, 45,89 €, 119,34 € E 45,89 €  
Indemnizacións por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minutas.
- JOSÉ MARÍA NOVO RAMOS 119,34 €, 45,89 €, 119,34 € E 45,89 €  
Indemnizacións por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minutas.

- ANA BELÉN RODRÍGUEZ PÉREZ 42,83 € E 42,83 €  
Indemnizacións por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minutas.
- MARÍA LARA HERMIDA FERNÁNDEZ 42,83 €  
Indemnización por asistencias a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minutas.
- FRANCISCO LORENZO EIRIZ 110,16 €  
Indemnización por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- JOSÉ ANTONIO ARIAS DEZA 110,16 €  
Indemnización por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- ALFONSO DOVAL CIDRE 110,16 €  
Indemnización por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- JOSÉ CARBALLO SUÁREZ 110,16 €  
Indemnización por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- INÉS VENCE LAMAS 42,83 €  
Indemnización por asistencia a Tribunais e/ou Comisións de Selección de persoal, s/minuta.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 150,80 €  
Por subministro de combustible ao vehículo da AVPC, s/factura núm. FA-457.
- ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA IMAXINARIUM 300,00 €  
Por desenvolvemento do programa “*Concilia Semana Santa Rodeiro 2026*”, s/factura núm. 926/0000003 (FACe).

- MAIS ESCOLA S.L. 909,09 € E 500,00 €  
Por servizo de reforzo puntual do persoal do Punto de Atención á Infancia (PAI), s/facturas núm. 27 e 64 (FACe).
- NOELIA RODRÍGUEZ ÁLVAREZ 2.860,00 €  
Por deseño e implementación do proxecto “*Ela tamén é Rodeiro*”, s/factura núm. 2026004 (subvención Pacto de Estado contra a violencia de xénero).
- BOTICA AGRODEIRO S.L 142,49 €  
Por subministro de luvas e máscaras para as auxiliares do Servizo municipal de axuda no fogar (SAF), s/factura núm. 26FV/6.
- MANUELA ÁGUILA LAMAS 157,30 €  
Por traballos de ferraxería nos lugares de Rodeiro e Aboldrón, s/factura núm. 18.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 294,03 €  
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeadado público do Concello, s/factura núm. 23/26.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 341,30 €  
Por traballos de fontanería no campo da festa de San Salvador, s/factura núm. 22/26.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 78,59 €  
Por subministro de combustible a vehículo municipal, s/factura núm. FA-459.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 786,28 € E 857,97 €  
Por subministro de combustible á maquinaria da Mancomunidade, s/facturas núm. FA-458 e FA-460.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 1.523,28 €  
Por subministro de combustible aos camións de recollida do lixo, s/factura núm. FA-456.

- JOSÉ MANUEL DIÉGUEZ OSORIO 3.229,49 €  
Por traballos de acondicionamento de camiño no lugar de Penerbosa, s/factura núm. T-26005.
- JOSÉ MANUEL DIÉGUEZ OSORIO 423,50 €  
Por traballos de acondicionamento de camiños nos lugares de Vilar e Couso, s/factura núm. T-26006.
- JOSÉ MANUEL DIÉGUEZ OSORIO 2.153,80 €  
Por traballos de acondicionamento de camiño no lugar das Pobanzas, s/factura núm. T-26008.
- CONDELEA NUTRICIÓN ANIMAL S.L. 561,00 €  
Por subministro de sal para estradas municipais, s/factura núm. A/111.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as doce horas dez minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
(*sinatura dixital*)

O alcalde,  
(*sinatura dixital*)